



**CONCELLO DE POIO**

**Ref: MC (Secretaría)**

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS CORENTA E DÚAS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZ.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta minutos do día vinte e oito de setembro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D<sup>a</sup>. Irene Ligeró Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; actuando como Secretario o do Concello D. Jacobo Barreiro Pimentel e escusa a non asistencia interventora D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3426.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 27/07/2010 E 24/08/2010.- De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación das actas anteriores das sesións ordinaria e extraordinaria realizadas o 27/07/2010 e 24/08/2010, núm. 440 e 441, as que quedan aprobadas por unanimidade.

3427.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta á Corporación do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que segue: "RECOLLIDA DE RSU EJERCICIO 2010, CESPAS, SA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á empresa concesionaria do servizo CESPAS, SA; 3413.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS, D. DIEGO PIÑEIRO GÓMEZ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao interesado; 3414.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA N<sup>o</sup> 15/2010 EN MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO E PROPOSTA CAMBIO DE FINALIDADE DE REMANENTE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3415.- MOCIÓN DO BNG PARA A RETIRADA DO CANON DA AUGA RECOLLIDO NO PROXECTO DE LEI DE AUGAS DE GALIZA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse copia ao Goberno da Xunta de Galicia; 3416.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DO SISTEMA GALEGO PÚBLICO DE SERVIZOS SOCIAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse copia á Xunta de Galicia; 3417.- PERSOAL, PROPOSTA FESTAS LOCAIS ANO 2011.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Traballo, Servizo de Relacións Laborais; 3418.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A REAPERTURA DOS CENTROS DA REDE DE DINAMIZACIÓN DA SOCIEDADE DE INFORMACIÓN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Xunta de Galicia; 3419.- MOCIÓN DO BNG E PSOE RELATIVA AO MANTEMENTO DE AXUDAS AOS CENTROS DE INFORMACIÓN ÁS

MULLERES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Xunta de Galicia; 3420.- MOCIÓN DO BNG E PSOE EN RELACIÓN AO POLÍGONO INDUSTRIAL DE FRAGAMOREIRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Xunta de Galicia e a XESTUR, SA; 3421.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE 19/2010 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente , remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3422.- CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA DA "CASA DE CULTURA DE RAXÓ".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á empresa Construcciones Arias Hermanos, SA; 3423.- ESTUDO DE DETALLE DO BORDE MARÍTIMO DE RAXÓ, APROBACIÓN DEFINITIVA, DE CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse copia xunto co proxecto á Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente e á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo así como anuncio ao DOG e ao BOP de Pontevedra; 3424.- DAR CONTA DAS DIRECTRICES DA ORDENACIÓN DO TERRITORIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse xunto coas alegacións á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras; 3425.- BORRADOR DO CONVENIO "NOVO ABASTECIMENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E A SÚA RÍA".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Sociedade Estatal Augas da Conca do Norte, SA."

A Corporación dáse por enterada.

3428.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta á corporación das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos concelleiros/as xunto cos demais asuntos que compoñen a orde do día.

A corporación dáse por enterada.

3429.- SECRETARÍA, DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA POLA QUE SE MODIFICA A PERIODICIDADE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.- Polo secretario dáse conta da resolución da alcaldía de data 03 de setembro de 2010 polo que se aproba unha nova periodicidade nas sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local e que di o que segue: "Con data 06 de xullo de 2007 e de conformidade co disposto nos artigos 20.1 b) e 23 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e segundo a modificación introducida polo artigo 1 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local (B.O.E. do 17 de decembro de 2003), 52, 53 e 112 do R.O.F e R.X. das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, (modificación pola entrada en vigor da Lei 57/2003) e 15 e 16 do Regulamento orgánico municipal, creouse a Xunta de Goberno Local, tendo atribucións que lle asigna a lexislación establecéndose unha periodicidade nas sesións ordinarias todos os luns ás dezanove horas e trinta minutos (7,30) agás nos meses de xullo e agosto que serán todos os luns pola mañá ás trece horas (1,00 da tarde). Tendo en conta o anteriormente exposto RESOLVO

**Primeiro:** Aprobar unha nova periodicidade nas sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local todos os luns pola mañá ás trece horas e trinta minutos (13,30 horas.)

**Segundo:** Comunicar o presente acordo a todos os membros da Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

**Terceiro:** De conformidade co disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice."

O Sr. Domínguez Lino pregunta cal é o motivo da resolución

dunha nova periodicidade das sesións da Xunta de Goberno.

O Sr. Alcalde di que o cambio realízase principalmente para dar unha mellor funcionalidade.

O Pleno da Corporación por unanimidade dáse por enterada.

3430.- URBANISMO, RATIFICAR ACORDO NÚM. 8293 DO 02/08/2010 DE EXPOSICIÓN PÚBLICA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 3 DO PXOM DE MEIS.- Dáse conta á Corporación do acordo número 8293 adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o 02 de agosto de 2010 en virtude do disposto no arigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal e que di textualmente o seguinte: "8293.-URBANISMO, EXPTE.: 267/10, CONCELLO DE MEIS, EXPOSICIÓN PÚBLICA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 3 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE MEIS.-Dáse conta do expediente tramitado e dos informes emitidos pola arquitecta e polo, asesor xurídico do Concello que son os seguintes:

Informe da arquitecta municipal de 25 de xuño de 2010: "Examinada a documentación remitida polo Concello de Meis o 14/06/2010 (entrada no Rexistro nº3480) en relación á aprobación inicial do PXOM dese concello, a técnico municipal emite o seguinte informe:

#### ANTECEDENTES

O Alcalde do Concello de Meis remitiu para a fase de consultas ás administracións afectadas, segundo o artigo 85°.2) da Lei 9/2002, de 03 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a seguinte documentación:

Documento de aprobación inicial do PXOM do Concello de Meis, redactado polo equipo espinosa&rodríguez architects projects managers, s.l.p. e visado o 21/05/2010, que inclúe a decisión da Secretaría Xeral de Avaliación Ambiental Estratéxica de non someter a modificación puntual a avaliación ambiental estratéxica.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TÉCNICOS

Segundo se indica no documento, o obxectivo da modificación puntual é corrixir contradicións existentes entre distintos artigos do texto normativo, adaptar algún artigo ás modificacións que a Lei 15/2004, de 29 de decembro, realizou no texto da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, así como realizar outras pequenas aclaracións na redacción dalgún artigo que permita unha mellor aplicación e posta en práctica do PXOM, de acordo coa tipoloxía do solo do Concello de Meis.

As modificación afecta á normativa de usos, condicións de volume e hixiénicas, condicións do solo rústico apto para urbanizar de carácter industrial con tolerancia residencial e do solo de núcleo rural.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TÉCNICOS

Polo exposto, informo de que, si ben o Concello de Meis é limítrofe co Concello de Poio, as disposicións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio non se ven afectadas polas disposicións da Modificación puntual do PXOM do Concello de Meis aprobada inicialmente".

Informe do asesor xurídico do Concello de 12 de xullo de 2010: "Vista a documentación remitida polo Concello de Meis e o disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia modificada pola lei 15/2004, de 29 de decembro, e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, teño a ben informar o seguinte:

Primeiro.- Con data 14 de xuño de 2010, ten entrada no Concello oficio do Sr. Alcalde do Concello de Meis comunicando ó Concello de Poio que por acordo plenario de 25 de maio de 2010, acordou a aprobación inicial e exposición pública durante o prazo de dous meses da

modificación puntual nº 3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Meis redactada polo equipo espinosa&rodríguez architects projects managers, s.l.p., xuntando copia de dita modificación.

Segundo.- Con data 25 de xuño de 2010, a Arquitecto Municipal emite informe indicando que as disposicións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio non se ven afectadas polas disposicións da Modificación puntual do PXOM do Concello de Meis aprobada inicialmente.

Terceiro: O art. 85.2 da lei 9/2002, en relación co 93.4, modificada pola lei 15/2004 establece a obrigatoriedade de dar audiencia ós municipios limítrofes, de toda modificación do Plan Xeral que se tramite polo Concello estremeiro, para alega-lo procedente durante o prazo de un mes e como máximo de dous meses.

Por todo iso, considera este informante que se debe dar conta da aprobación inicial da Modificación Puntual nº 3 do PXOM do Concello de Meis, ó Pleno do Concello de Poio para o seu coñecemento, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, facéndose constar por esta asesoría que ao non verse afectado o Plan Xeral de Poio pola Modificación Puntual aprobada inicialmente, non se estima necesario formular ningunha alegación contra dita modificación puntual, remitíndose o acordo que se adopte ao Concello de Meis para unión ao expediente”.

A Comisión Informativa de Urbanismo, na sesión realizada o 27 de xullo de 2010, acordou adherirse aos devanditos informes.

Toma a palabra o secretario xeral do concello para facer as seguintes consideracións; dado que non está previsto especificamente na normativa de referencia o que , en principio, podería dar lugar a aplicación da cláusula residual que en favor do Alcalde prevé o art 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, sendo a aprobación inicial do planeamento xeral municipal competencia do Pleno conforme ao art. 22.2º.c) da referida Lei 7/85, de 2 de abril, sería mais axeitado que fora órgano colexiado o que se pronuncie sobre as alteracións do planeamento remitidas por outros Municipios limítrofes na medida en que poidan afectar ós intereses xerais do Concello plasmados no plan xeral. Non obstante , dado que no mes de agosto non se celebra ningún Pleno ordinario e que o seguinte se vai a celebrar no mes de setembro, que non se van a presentar alegacións e que este expediente foi levado a Comisión Informativa de Urbanismo , onde están presentes membros de todos os grupos políticos do Concello , pode ser levado a Xunta de Goberno Local debendo ser ratificado por o Pleno da corporación na seguinte sesión ordinaria que celebre.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), co artigo 89.5 da Lei 30/92 de 26 de novembro de RJAPPAC, coa Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e co Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Poio, **acordou:**

**Primeiro:** Non formular ningunha alegación á modificación puntual núm. 3 do PXOM do Concello de Meis ao non afectar ao PXOM de Poio.

**Segundo:** Dar traslado ao Pleno da corporación na seguinte sesión ordinaria que celebre.

**Terceiro:** Dar traslado deste acordo ao Departamento de Urbanismo e ao Concello de Meis para os efectos establecidos no devandito art. 85 da Lei 9/2002, de 30 de decembro.”

A Corporación por unanimidade acordou ratificar o acordo 8293 adoptado por razón de urxencia pola Xunta de Goberno Local de data 02

de agosto de 2010 en virtude do disposto no artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal.

3431.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE NÚM. 20/2010 DE MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de setembro de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e da proposta da Alcaldía de data 9 de setembro de 2010 que textualmente di o seguinte: "En virtude do establecido no Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio, por o que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, establecendo o artigo 14, con relación as entidades locais, que se declaran recursos afectados os derivados da aplicación das medidas de redución de costes de persoal durante o ano 2010 e 2011 que se destinarán a unha serie de finalidades que, para o caso do Concello de Poio, o carecer de remanente de tesourería negativo, a adecuada será destinar os recursos afectados a disminuir o nivel de endebedamento a longo prazo.

Habendo sido establecidas as medidas para aplicar o disposto no Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio as nóminas dos traballadores a partir do mes de xuño (este incluído) nunha Resolución de Alcaldía de data 15 de xuño de 2010.

Habendo adoptado ademais un acordo, nº 3398 no Pleno celebrado o 29 de xuño de 2010 onde se acorda, con relación as retribucións de órganos de goberno así como as indemnizacións por asistencias e asignacións a grupos políticos, aplicar unha redución do 5% a partir do mes de xullo (este incluído) nas indemnizacións por asistencias e asignacións a grupos políticos así como unha minoración do 6% no salario bruto a percibir por o Sr. Alcalde e a Sr.Tenente de Alcalde así como unha do 4,5% no salario bruto das dúas concelleiras con dedicación parcial e adicar os recursos obtidos tamén a redución do endebedamento a longo prazo.

Pertencendo os recursos afectados a diversas aplicacións do capítulo I (gastos de persoal) así como a unha aplicación do capítulo II (a aplicación 912.23300 correspondente a indemnizacións por asistencias) e sendo necesario transferir este crédito a aplicación 011.91000 (Débeda pública. Amortizacións) co fin de proceder a redución do endebedamento a longo prazo mediante unha amortización parcial dun investimento a longo prazo.

SE PROPÓN:

Se procedan a transferir as contías correspondentes aos acordos adoptados das correspondentes aplicacións dos capítulos I e II a aplicación 011.91000 co fin de, posteriormente, amortizar débeda a longo prazo como indica o Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio."

Igualmente dáse conta do Informe da Intervención Municipal, de data 10 de setembro de 2010.

A interventora municipal da conta do expediente indicando que a proposta refírese á minoración das aplicacións que figuran na operación contable de retención de crédito que figura no expediente por o importe total de 80.929,48 €, relativas a gastos de persoal, indemnizacións por asistencias e asignacións a grupos políticos, para levar a cabo o establecido no Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio, sobre medidas extraordinarias para a redución do déficit público e proceder a amortización parcial da débeda viva.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación e seguindo os tramites legais procedentes."

Non subscitándose debate ningún, a Corporación por unanimidade de asistentes acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de setembro de 2010 adoptándose

o seguinte **acordo**:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a modificación presupostaria núm. 20/2010 na modalidade de transferencia de crédito por importe de 80.929,48 €.

**Segundo:** Remitir anuncio ao Boletín Oficial da Provincia para información pública polo prazo de 15 días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Entendéndose definitivamente aprobado se unha vez transcorrido este non se presenta reclamación ningunha contra a mesma.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes no expediente.

3432.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE NUM. 21/2010 DE MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO E CAMBIO DE FINALIDADE DE INVERSIONES PROXECTADAS E DE REMANENTES DE TESOURERÍA PARA GASTOS CON FINANCIACION AFECTADA.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de setembro de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 10 de setembro de 2010 que textualmente di o seguinte: "Coñecendo a existencia de varias facturas comprensivas de diversos investimentos realizados (tales como: "Gasto obra na Seca servizo de xardinería", "Subministro contenedores metálico", "Subministro xogos e montaxe parque infantil Costa Xiráldez", "Subministro xogos e montaxe reparación varios lugares Concello de Poio", "Sinalización horizontal e barandilla en A Caeira e Boavista", "Subministro mobiliario oficinas Concello" e "Subministro mobiliario Servizos Sociais") para as cales, sendo informado verbalmente por a Intervención municipal, non existe crédito presupuestario para proceder a súa aprobación.

Coñecendo a necesidade de proceder a realizar unha serie de investimentos en mobiliario do servizo de Deportes (según pon de manifesto a concelleira delegada da área) así como a adquisición de mobiliario na Casa de Cultura de Raxó.

Sendo necesario proceder a aprobación das mencionadas facturas, xa que as obras e subministros detallados nas mesmas se produciron de conformidade, así como de acometer os investimentos expostos, e coñecendo a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2010, por unha parte, en diversas aplicacións correspondentes a investimentos proxectados no presente exercicio, os cales non foron levados a cabo na súa totalidade, (tales como "Adquisición mobiliario turismo", "Adquisición equipamento informático" "Investimentos instalacións deportivas") así como a existencia de remanentes de tesourería para gastos con financiación afectada os cales poden utilizarse (tales como "Investimentos Parque da Memoria", "Investimentos Depósito Samieira" ou "Adquisición terreos depuradora") SE PROPÓN:

A realización da seguinte modificación presupuestaria mediante transferencia de crédito minorando as aplicacións correspondentes a gastos do anexo de investimentos do presente exercicio e as aplicacións correspondentes a os dous remanentes de tesourería para gastos con financiación afectada obxecto de incorporación ao exercicio 2010:

Así, se propón minorar a aplicación 334.60900 "Cultura.Investimentos novos en edificios e outras construcións" no importe de 23.950,39€, 342.62200 "Deportes.Investimentos novos en edificios e outras construcións", no importe de 3.000€ 920.62600, a aplicación "Equipamento informático" no importe de 1.698,59€, a aplicación 161.62900 "Terreos depuradora" no importe de 6.302,84€ e

"Depósito A Caeira" en 347,16€ , a aplicación 430.62500 "Mobiliario turismo" no importe de 2.707,20€, a aplicación 453.62400 "Elementos de transporte" no importe de 3.000€, a aplicación 171.60900 "Investimentos parque Memoria" no importe de 24.688,19€ (o entender que neste exercicio non se precisará crédito para sufragar os investimentos que financiaban as aplicacións expostas) co fin de incrementar: a aplicación 334.62500 "Cultura.Mobiliario" por importe de 23.950,39€, 342.62500 "Deportes.Mobiliario" no importe de 3.000€, a aplicación 171.60900 no importe de 350€, a aplicación 162.62500 no importe de 6.300€, a aplicación 171.62500 no importe de 24.688,19€, a aplicación 453.60900 no importe de 5.707,20€ e a aplicación 920.62500 no importe de 1.698,59€ co fin así de poder aprobar as facturas mencionadas inicialmente."

Igualmente dáse conta do Informe da Intervención Municipal, de data 13 de setembro de 2010.

A interventora municipal da conta do expediente indicando que a proposta da Alcaldía ben motivada por facturas por importe total de 50.424,23 € que carecen de crédito presupostario suficiente e adecuado para proceder a súa aprobación sobre as que se emite informe de Reparación suspensivo así como a intención de levar a cabo unha serie de investimentos relacionados co mobiliario no servizo de Deportes así como no mobiliario da Casa de Cultura de Raxó, polo que se propón a realización da transferencia de crédito exposta na Providencia da Alcaldía co fin de reducir as aplicacións correspondentes as inversións e remanentes de crédito que, según a proposta, non van ser utilizadas e incrementar as aplicacións nas que se deban contabilizar as facturas pendentes de aprobación e os gastos que se pretenden realizar.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o Grupo Municipal do P.P. vaise abster na votación pola existencia de Reparación ás facturas que se xuntan senón que ademais porque non se fixo a contratación para os subministros realizados.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do P.P. acordou ditaminar favorablemente e propor ao pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Levantar o Reparación de insuficiencia de crédito emitido pola Intervención Municipal e 2º) Aprobación da modificación presupostaria nº 21/2010 mediante transferencia de crédito incluíndo cambio de finalidade de remanente de tesourería para gastos con financiación afectada e de diversos investimentos financiados con préstamo."

Antes de proceder á votación do asunto, o Sr. Domínguez Lino manifesta que o Grupo Popular mantén a abstención, polos motivos que se expoñen no informe da intervención municipal.

A corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de setembro de 2010, adoptándose o seguinte **acordo**:

**Primeiro:** Levantar o reparo de insuficiencia de crédito por importe total de 50.424,23 € emitido pola Intervención Municipal no seu informe de data 13 de setembro de 2010.

**Segundo:** Aprobar a modificación presupostaria núm. 21/2010 na modalidade de transferencia de crédito, incluíndo cambio de finalidade de investimentos proxectados así como remanentes de tesourería para gastos de financiamento afectada incorporados ao exercicio por importe de 65.344,37 €.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes no expediente.

3433.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE NÚM. 22/2010 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de setembro de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e da Memoria da Alcaldía de data 16 de setembro de 2010 que textualmente di o seguinte: "ASUNTO: modificación de créditos nº22/2010, suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais.

1º MODALIDADE:

Vistas por unha parte unha serie de facturas rexistradas que se atopan no departamento de Intervención e para as que non existe consignación presupuestaria no vixente Orzamento 2010 nas partidas correspondentes (se adxunta ao expediente relación das facturas clasificadas por partidas de gasto por un importe total de 440.572,56€).

Sendo necesario, en segundo lugar, proceder a incrementar o saldo dalgunhas aplicacións xa existentes por ser insuficiente o dispoñible no día da data se establece a necesidade de suplementar determinadas aplicacións que figuran no anexo a esta memoria por importe total de 626.136,00€.

Existindo, según os datos que se desprenden da Liquidación do Orzamento 2009, un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais por importe suficiente para facer fronte a sufragar os mencionados gastos referentes: tanto as facturas existentes as cales non dispoñen de crédito suficiente e adecuado para proceder a súa aprobación como as partidas cuio crédito parece insuficiente para afrontar os gastos que existirán ata o remate do vixente exercicio é por iso que se propón a realización da modificación presupuestaria suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais.

2º FINANCIACION:

Esta modificación se financia con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais resultante da Liquidación do exercicio anterior nos seguintes termos:

CONCEPTO	DESCRIPCION	IMPORTE
870.00	Remanente Líquido Tesourería Gastos Xerais	1.066.588,56€

3º XUSTIFICACIÓN:

Debendo acreditarse os requisitos que establece o artigo 37.2 apartados a),b), c) e d) do Real Decreto 50071990 que son os seguintes:

- O carácter específico e determinado dos gastos a realizar e a imposibilidade de demoralalo ata exercicios posteriores: con respecto as aplicacións que se suplementan en previsión de que será necesario para facer fronte aos gastos que se produzan de aquí a final de ano, porque son gastos que o Concello debe levar a cabo para atender aos servizos que o mesmo ten que prestar no cumprimento das súas funcións.

- A inexistencia de crédito suficiente no estado de gastos do Orzamento destinado a esta finalidade específica.

Posta de manifesto a inexistencia de crédito suficiente nas aplicacións mencionadas no presente informe e no anexo que se acompaña e existindo un remanente de crédito para gastos xerais procedente da liquidación do exercicio 2009 por importe suficiente **establécese a necesidade de levar a cabo os gastos mencionados por tratarse de gastos necesarios para o correcto funcionamento dos servizos e actividades que se considera deben levarse a cabo por parte deste Concello."**

Igualmente dáse conta dos Informes da Intervención Municipal, de



data 16 de setembro de 2010.

A interventora municipal da conta do expediente indicando que a Memoria da Alcaldía ben motivada por facturas por importe total de 440.572,56 € que carecen de crédito suficiente no estado de gastos do Orzamento destinado a esta finalidade específica e por aplicacións que se pretenden incrementar para gastos futuros a realizar por 626,136,00 €, existindo un remanente de crédito para gastos xerais procedentes de liquidación do exercicio 2009 por importe suficiente para realizar a modificación proposta por un importe total de 1.066.588,56 € pero que quedaría mermado en 344.973,12 €.

Por tanto a Intervención Municipal emite informe de Reparación con relación ás facturas existentes para as cales non existe crédito por importe de 440.572,56 € e informa desfavorablemente a modificación presupostaria proposta, modalidade suplemento de crédito polos motivos expostos no informe de 16 de setembro dos cales da explicación á Comisión.

O Sr. Barreiro Lubián solicita que se inclúa unha nova aplicación a incrementar na modificación presupostaria nº 22/2010, mediante suplemento de crédito por importe de 3000 euros con motivo de pago a realizar ao Comité Nacional de European/España para a IX Edición do concurso europeo de xóvenes arquitectos.

O Sr. Domínguez Lino di que o grupo municipal do P.P. vai votar en contra e ao mesmo tempo queremos preguntar se o equipo de goberno vai a tomar en serio os informes da Intervención Municipal. En xaneiro de 2010 existía un remanente de tesourería de 2.653.915,93€ e agora queda mermado a 344.588,56€.

O Sr. Barreiro Lubián respóndelle que os informes da Intervención Municipal témolos en conta pero non sempre se lle fai caso; os informes son emitidos e basados nas responsabilidades propias do seu posto pero nós temos responsabilidades políticas.

Evidentemente o colchón do remanente vaise gastando, pero para eso estaba e se no futuro temos que apretarnos o cinturón no futuro farémolo. Estamos a utilizar o que se aforrou, e sen estar para votar foguetes cremos que hai outros concellos antes que nós que o van a pasar mal. Son gastos necesarios e temos a situación controlada.

A Concelleira Besada Lores manifesta que o grupo municipal socialista entende que os gastos son necesarios, son para dar servizos aos veciños de Poio. Entendemos que son excesivos os gastos en festas que se incrementaron, pero por sensatez e coherencia temos que votar a favor.

O Sr. Domínguez Lino respóndelle que, falando do tema de festas, todos os anos se di que vai haber uns beneficios na venda de entradas nos concertos e non chegan nin a metade, son ingresos ficticios e irrealizables e polo tanto agora non quera votarse para atrás porque ustedes votaron a favor dos presupostos e modificacións.

O Sr. Barreiro Lubián que o P.P. de Poio so está en contra das festas que se fan no Concello, e con respecto aos gastos, decir que as festas teñen que ver co turismo.

O Sr. Piñeiro Murillo di que o incremento en festas este ano foi moi sustancial e todo o mundo intenta aguantar as súas asociacións a cargo do Concello.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente e propor ao pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Levantar o Reparación de insuficiencia de crédito emitido pola Intervención Municipal, 2º) Aprobación da modificación presupostaria nº 22/2010 consistente en suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais por importe de 1,066,588,56 € e 3º) Incluir a emenda presentada polo portavoz do BNG consistente na inclusión da aplicación 151.48900 por importe de 3.000 € con motivo do pago a realizar ao Comité Nacional de European/España para a IX Edición do concurso europeo de xóvenes

arquitectos, ascendendo o importe total da modificación presupostaria a 1.069.588,56 €"

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Barreiro Lubián e explica que se trata de financiar con remanente de crédito a relación de obras que aparecen no expediente. É o procedemento habitual para aplicar os aforros de exercicios anteriores.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o seu Grupo vai votar en contra da aprobación desta modificación presupostaria por importe de 1.069.558,56 € dos que o 73%, é dicir, 776.834.67 € concretamente corresponden a gastos correntes. Esta modificación hai que sumala ás anteriores e que fan que o remanente de tesourería a principios de ano de máis de 2.600.000 € neste nove meses gastáranse máis de 2.300.000 deixando un remanente de 341000 €.

Coa débeda bancaria existente de mais de 9.500.000 € e co escaso remanente de Tesourería que existe nestes momentos van a deixar ao concello cun nulo marxe de manobra e se a iso lle añadimos que coa 3ª rectificación do goberno central, o Concello de Poio e un dos únicos municipios de Galicia que non vai poder endebedarse o ano próximo. Xa coa excelente política económica dos últimos anos o endebedamento con respecto aos ingresos correntes excede en moito do 75% permitido, nono caso estamos a falar dun 90%.

Preguntámosllo na Comisión de Facenda e como non obtivemos resposta reiterármolo agora. Cando pensan facer caso dos informes semanais de intervención? Nos que se aconsella que se reduza o volume de gastos, isto repiteo semanalmente, sin que o goberno de Poio lle faga caso. ,ata que sexa demasiado tarde pero dende logo non será polas denuncias que o PP e a propia intervención veñen facendo.

Nesta modificación termos partidas como por exemplo, en festexos unha partida de 246.397 € e que non da un presuposto este ano en festexos de 413.000 (incrementando máis de 210.000 con respecto ao exercicio 2009), que a día de hoxe, e de momento en festexos levamos gastados máis de 709.000 €. En reparacións dun presuposto de 36.000 € levamos gastado, polo momento 70.000, en atencións protocolarias dun presuposto de 19.950 gastamos 59.000 e así sucesivamente.

Este bipartido é un saco sin fondo, deixando o Concello quebrado e sen marxe de manobra esta é a herdanza que deixararán para as vindeiras eleccións municipais. Por todo isto, votamos en contra da devandita modificación.

O Sr. Barreiro Lubián di que efectivamente se trata da modificación número 22, o que significa que o concello é operativo. Aquí coñecemos unha corporación que non teña modificacións e aprobaba os orzamentos no mes de novembro e por enriba non acertaba porque ao ano seguinte recoñecíanse facturas extraxudicialmente. Efectivamente gastamos 2,3 millóns de € dos 2,7 millóns que temos pero para poder gastalo hai que telos, e para iso hai que ter ese aforro. Paréceme recordar que este PP hai un par de anos dicía que nos non xestionábase porque había unhas contas bancarias sen gastar e agora que estamos gastando estannos criticando.

Di que temos unha débeda de 9,5 millóns e que o Concello non ten marxe de manobra. Pero nos cremos que son gastos necesarios que repercuten na maior calidade dos servizos.

A Sra. Besada Lores di que o grupo municipal do PSOE vai votar a favor desta modificación presupostaria a pesar de que estamos en contra de tanto gasto en festexos, por responsabilidade entendemos que debemos pagar á xente que fixo o traballo.

Mentres haxa cartos haberá que executar obras e prestar servizos. Eu espero, Sr. Domínguez que non teña o disgusto de reflotar este

Concello, que o teñamos que reflotar os demais.

O Sr. Martínez Blanco di que o gasto en festexos e en cultura incentiva o consumo e a mellora na calidade dos veciños e veciñas., e pregunta, que cantidade preverían o P.P. E o P.S.O.E. o orzamento para atender estes conceptos , con que cantidade dotarían as aplicacións presupostarias, porque estamos a falar dun 5%.

Esta Concellería axuda neste tipo de festa porque nesta época de crise se non se axuda a facer dende o Concello non se faría., así este concello apoiou iniciativas coma as seguintes: Armandiña Rock, que levou o nome do Concello por toda España, tampouco deixamos de gastar nor circuitos culturais da Xunta o Caixanova, ou imos deixar de facelo.

Tampouco se quere ver que as festas do concello ingresan cartos hai un ingreso de 113.627,55 €, eses son ingresos que se realizaron e que non incrementan o orzamento de festas, senón que incrementan os ingresos do Concello. Tamén lembro no ano 2003, un ano que tras un éxito nas festas celebradas o ano seguinte baixouse un pouco o listón e o 1º en criticar os festexos foi o PP.

Sería moi triste gastar 20.000 e en San Xoán porque non virían nin 200 persoas e agora non pasa isto.

Se investir un 5% en cultura e festas lles parece muito ademais dos ingresos que obtivo non se están contemplando.

Grazas a estas cousas mantéñense as agrupacións folclóricas e incluso se crearon algunhas novas , e para resumir seguirei defendendo que para cultura e festas se gaste o 5% do orzamento do Concello.

O Sr. Domínguez Lino (contestando á intervención do Sr. Barreiro) Poio non poderá pedir máis créditos xunto con outros 4 concellos máis, datos da prensa.

Continua a súa intervención dicindo que se no orzamento se preveían uns ingresos de 200.000 € para algunhas festas e logo se recaudaron 18.000 € . E por o que respecta o P.S.O.E. Xa é un pouco tarde para arrepentirse dado que xa aprobaron os o orzamento e as modificacións de crédito correspondintes.

A Sra. Besada Lores di que non estamos en contra da Cultura nin das festas tradicionais. Hai que recoñecer que tiñas uns datos que non se cumpriron e nós este ano pola crise non nos pareceu acertado.

O Sr. Barreiro Lubián di que en Sanxenxo non aparece nas listaxes porque non remite os datos porque non ten liquidacións feitas e na do ano 2008, saen con déficit e non realizarán esa liquidación ata despois das eleccións. O Sr. Domínguez miraría no Faro de Vigo os concellos máis endebedados.

Por outro lado, se a dédeda está controlada non ten problema ningún.

O PP debería dicir cales son os gastos que considera que non se deben aprobar ou a que servizos hai que denunciar. Nin o Concello de Poio é o máis endebedado nin o que máis presión fiscal ten.

O Sr. Martínez Blanco di que o gasto que se está aprobando non ten nada que ver cos concertos da Seca. Cando se fixeron os orzamentos e apareceron os 200.000 € de ingresos, vos quixestes investigar. Foi unha aposta e en principio non dixestes nada, ao mellor non acertamos cos artistas pero a Xunta apostou por concertos de pago en Ourense e en Lalín e estos tamén tiveron perdas, o que está convencido é que o futuro dos concertos está nos concertos de pago.

Poio, non contou coa axuda do Xacobeo, se tivéramos a sorte de ter subvencións da Xunta ou da Deputación non estaríamos falando agora das

facturas que constan no expediente. Asumo que nos podemos equivocar no grupo pero a priori non parecía así.

Desde esta concellería en todos as festas de Poio non se ten en conta as cores do grupos políticos é dende a Consellería si porque se subvencionaron aos concellos gobernados polo PP.

Sometido á votación o ditame emitido pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de setembro de 2010, este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 vostos en contra e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Levantar o Reparo de insuficiencia de crédito emitido pola Intervención Municipal.

**Segundo:** Aprobar inicialmente á modificación presupostaria núm. 22/2010 consistente en suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais por importe de 1.069.588,56 €.

**Terceiro:** Remitir anuncio ao Boletín Oficial da Provincia para información pública polo prazo de 15 días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Entendéndose definitivamente aprobado se unha vez transcorrido este non se presenta reclamación ningunha contra a mesma.

**Cuarto:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes no expediente.

3434.- INTERVENCION, RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO NÚM. 1/ 2010.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de setembro de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 9 de setembro de 2010 que textualmente di o seguinte: "Tendo coñecemento da existencia de diversas facturas que tiveron entrada no Concello no mes de agosto do presente ano e que corresponden a servizos prestados no exercicio 2009 non aprobadas no seu momento por non terse constancia das mesmas no Concello.

Tendo en conta que é necesario proceder a súa aprobación e pago, dado que corresponden a servizos prestados a o Concello, según a conformidade outorgada as mesmas por a miña sinatura ou a dos concelleiros responsables das correspondentes areas.

De conformidade co previsto no Real Decreto 500/90, de 20 de abril, que desarrolla o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais en materia presupuestaria,

PROPONSE proceder a o recoñecemento das mesmas e a súa aplicación ao orzamento de gastos do exercicio corrente:

ACREEDOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN
Iluminaciones Umia S.L	Elaboración boletín para hinchables	243,60€	338.22699
Iluminaciones Umia S.L.	Elaboración boletín Praza da Granxa	243,60€	338.22699
Iluminaciones Umia S.L.	Elaboración boletín Actuación A Roda	243,60€	338.22699
Iluminaciones Umia S.L.	Elaboración boletín		

Festa dos Callos	243,60€	338.48901
Iluminaciones Umia S.L. Elaboración boletín		
Festa Inmaculada	243,60€	338.48901
		TOTAL: 1.218,00€"

Igualmente dáse conta do Informe da Intervención Municipal, de data 10 de setembro de 2010.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando que se trata de facturas emitidas no mes de xuño de 2010 de Iluminacións Umia S.L., correspondentes a servizos prestados no exercicio 2009 para as cales existe crédito no orzamento vixente

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do expediente e manifesta que se trata de aprobar unha serie de facturas correspondentes ao exercicio 2009 que chegaron atrasadas.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de setembro de 2010 este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte **acordo**

**Primeiro:** Prestar aprobación e proceder ao recoñecemento da relación de facturas presentadas e que ascenden a un total de 1.218,00 €.

**Segundo:** Facultar ao Sr. Alcalde para os tramites legais procedentes.

3435.- APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO ECONÓMICO 2009.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de setembro de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente que, de acordo co establecido no artigo 212.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 143 de data 28 de xullo de 2010, someténdose a información pública polo prazo de 15 días e 8 mais, a efectos de reclamacións, repartos ou observacións e que durante o citado prazo que rematou o día 24 de agosto de 2010, non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións en contra da mesma.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o seu grupo político vota en contra da aprobación da conta xeral polos mesmos motivos que lles levou a votar en contra dos orzamentos e da liquidación.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non subscitándose debate ningún e sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de setembro de 2010 este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Prestar aprobación á Conta Xeral correspondente ao exercicio 2009, de conformidade co establecido no artigo 212 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

**Segundo:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes.

3436.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE DEVOLUCIÓN DE PARTICIPACIÓN DE INGRESOS DO ESTADO, EN VIRTUDE DA LIQUIDACIÓN DO ANO 2008.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de setembro de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular de Poio de data 26 de agosto de 2010 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 26 de agosto de 2010 e que tras unha ampla exposición de motivos propón ao Pleno do Concello de Poio a adopción dos seguintes acordos: "1º) Dirixirse ó Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para solicitarlle que deixe sen efecto a liquidación negativa correspondente a Participación nos Ingresos do Estado do ano 2008 ou que, no seu defecto, se adíe o pagamento da cantidade a devolver ata que exista un crecemento económico por riba do dous por cento anual en un prazo de dez anos. 2º) Dirixirse ó Ministerio de Política Territorial para que o Goberno de España adopte unha medida tendente a garantir que os ingresos que percibirán as entidades locais durante o ano 2011 en concepto de Participación nos Ingresos do Estado non sexan inferiores que os que veñen percibindo durante o ano 2010, tal e como ren realizado a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local durante o ano 2010."

O Sr. Domínguez Lino explica o contido da moción indicando que a moción preséntase a raíz da situación económica na que nos encontramos e que teremos no ano que ven e que o Concello de Poio ten que devolver 302,996,79 €; solicitamos que se quede sen efecto xa que a correspondente ao ano 2009 previsiblemente será a devolver tamén ou aplazalo neses 10 anos e que os fondos do ano que ven sexan iguais ao do ano 2010.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que lle causa perplexidade que o P.P. non esté de acordo co modelo de financiación que o propio P.P. aprobou, non me parece correcto nin demasiado sensato. O BNG ven pedindo que se debe de modificar o modelo de financiación pero o P.P. e PSOE estaban de acordo con dito modelo.

Nós imos abster ata o Pleno aín que non estamos en desacordo coa moción queremos presentar unha emenda matizando algunhas cousas dela.

A Concelleira Besada Lores di que o grupo municipal do PSOE aínda que está de acordo coa moción vanse a abster ata o Pleno.

O Sr. Domínguez Lino di que hai moitos anos que se aprobou ese modelo pero o goberno de ZP dixo que ía facer unha nova financiación local e autonómica que non fai. Estase pedindo esa modificación e por iso se presenta esta moción pero que esán abertos a estudar a emenda que presente el BNG.

O Sr. Barreiro Lubián respóndelle que si que hai moitos anos, desde o 2009. A que a anterior foi promovida polo PP.

O Sr. Domínguez Lino di que ten entendido que era do ano 2001, descoñecendo a do 2009.

A Comisión por 4 votos a favor do PP, ningún voto en contra e 6 abstencións do BNG e PSOE acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Antes de comezar a quenda de deliberacións, a Sra. Besada Lores preséntase unha emenda á moción presentada e relativa á devolución de participación de ingresos do estado e que é a seguinte:

1º) Dirixirse, a través da FEMP, ao Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para valorar e estudar un adiamento -ou fórmula semellante- das devolucións municipais correspondentes á

participación non ingresos do estado do ano 2008, tras o peche da liquidación.

2º) Dirixirse, a través da FEMP, ao Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para adoptar aquelas medidas que garantan o mantemento do PIE no ano 2011, nunha cantidade non inferior á do ano 2010.

3º) Respalda a proposta feita pola FEGAMP ao goberno da Xunta de Galicia para incrementar nun 12% os fondos incondicionados do Fondo Galego de Cooperación Local, segundo o acordado no Pacto Local.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o Grupo do PP non vai apoiar a emenda presentada porque o ano que ven podemos falar dunha redución do 25% do fondo.

O Sr. Barreiro Lubián di que é paradóxico que exista unha lei de financiamento as entidades locais do ano 2001 que o PP estaba a favor e que agora o PP propón unha alternativa a esta lei coa que estaba de acordo.

Para o BNG existe un problema de financiamento que aumenta en Galicia por dispersión da poboación e por envellecemento da mesma e o lóxico é o PP pedira a modificación da lei de financiamento local. O problema xorde cando os anticipos son maiores que os resultados da liquidación.

Nos pedimos que se modifique a normativa e non estamos de acordo coa moción.

A Sra. Besada Lores di que valorar e estudar, é unha maneira de expresarse pero creo que se está pedindo o mesmo e que se respecte o pacto local de incremento do 12% cumpla o Estado e a Xunta de Galicia.

O Sr. Domínguez Lino di que o importante é que se manteña o nivel de ingresos e a nosa moción está clara e concisa e non aceptamos esa emenda.

O Sr. Agís Gómez di que o PP apoia a lei cando interesa e cando non interesa presiona para facer demagogia e enganar ás masas que é o que queren facer.

O Sr. Barreiro Lubián di que parece un absurdo estar de acordo coa fórmula do cálculo e agora mantendo a mesma norma nos están de acordo. O que hai que facer é modificar a norma porque agora hai que devolver porque a norma que vostedes fixeron ou sería que non se fixaron no que estaban votando.

Nos pedimos que se faga un reparto doutra maneira. Nos non somos a Comunidade de Madrid para recibir os ingresos en función do número de habitantes, ninguén está de acordo en devolver os cartos pero primeiro haberá que modificar a lei.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións, sométese a votación da emenda e da moción presentada obténdose o seguinte resultado:

1º.- Votación da emenda:

Votos a favor: 10 (7 BNG e 3 PSOE).

Votos en contra: 7 PP

Abstención: Ningunha

2º.- Votación da moción:

Votos a favor: 7 PP

Votos en contra: 10 (7 BNG e 3 PSOE).

Abstención: Ningunha.

Á Vista do resultado obtido queda aprobada a emenda presentada adoptándose o seguinte acordo:

1º) Dirixirse, a través da FEMP, ao Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para valorar e estudar un adiamento -ou fórmula semellante- das devolucións municipais correspondentes á participación non ingresos do estado do ano 2008, tras o peche da liquidación.

2º) Dirixirse, a través da FEMP, ao Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para adoptar aquelas medidas que garantan o mantemento do PIE no ano 2011, nunha cantidade non inferior á do ano 2010.

3º) Respalda a proposta feita pola FEGAMP ao goberno da Xunta de Galicia para incrementar nun 12% os fondos incondicionados do Fondo Galego de Cooperación Local, segundo o acordado no Pacto Local.

3437.- MOCIÓN DO B.N.G. DE APOIO Á FOLGA XERAL DO 29 DE SETEMBRO DE 2010.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de setembro de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta da moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego de Poio de data 7 de setembro de 2010 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 16 de setembro de 2010 e que tras unha ampla exposición de motivos propón ao Pleno do Concello de Poio a adopción do seguinte acordo: " Apoiar a convocatoria e a mobilización da Folga Xeral do vindeiro 29 de setembro".

A Concelleira Besada Lores di que o grupo municipal do PSOE non apoia esta folga xeral e entendemos que dadas as circunstancias e tal e como está a economía mundial non nos parece ben que se faga neste momento.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o grupo municipal do P.P. vaise abster por entender que é tarde para facer dita folga dada a situación económica e co 20% do paro, tiñase que facer antes; neste momento tarerá unhas consecuencias económica importantes. Pedimos que os traballadores que queiran ir a traballar libremente e democraticamente que se lles deixen, que os piquetes sexan informativos.

O Sr. Barreiro Lubian respóndelle que está de acordo e a propósito da postura do PSOE de Poio paréceme de masoquismo, xa que nos están dando no lombo.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, 2 votos en contra do PSOE e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

O Sr. Barreiro Lubián di que os motivos da folga así como o apoio do BNG son evidentes.

A Sra. Besada Lores di que nos mantemos o voto en contra por considerar que non é o momento.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o Grupo Popular mantén a abstención.

O Sr. Agís Gómez di que lle sorprende a abstención porque Mariano Rajoy dixo hoxe mesmo, que non apoia a folga xeral.

O Sr. Domínguez Lino di que nos estamos en Poio e temos liberdade para decidir.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de setembro de 2010 este queda



aprobado por 7 votos a favor do BNG, 3 votos en contra do PSOE e 7 abstencións do PP adoptándose o seguinte **acordo**:

**Primeiro:** Apoiar a convocatoria e a mobilización da Folga Xeral do vindeiro 29 de setembro de 2010.

MOCIÓNS URXENTES.- Preséntanse as seguintes:

3438.- ALEGACIÓNS AO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (7 do BNG e 3 do PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo adoptado na súa sesión realizada o 28 de setembro de 2010 e que di o que segue: "Previo declaración de urxencia, adoptada por unanimidade dos asistentes e vistas as alegacións ó Plan de Ordenación do Litoral, presentadas no Concello polos concelleiros: D. Xulio Barreiro Lubián e Dna. Cuselo Besada Lores, que di textualmente:

D. Xulio Barreiro Lubián, voceiro do Bloque Nacionalista Galego e Dna. Consuelo Besada Lores, voceira do PSOE na Corporación que vostede preside, presentan as seguintes alegacións ao Plan de Ordenación do Litoral.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Na fase de consulta aos Concellos do Plan de Ordenación do Litoral, dende o Concello de Poio puxéronse de manifesto determinadas consideracións sobre este documento que nalgún caso foron tidas en conta, sen embargo, noutros nin os cambios introducidos na documentación gráfica nin na normativa as recollen, polo que nas alegacións que presentamos, reproducimos parte das suxerencias remitidas no seu día.

O Plan de Ordenación do Territorio establece unha serie de áreas con distintos grados de protección sobre o territorio do Concello de Poio que veñen definidas nos planos BI07, BH07, BH08, BG07 e BG08 As áreas, que máis incidencia teñen atendendo ao número de inmobles e superficie que afecta, son por orden as seguintes:

- 1.- A de mellora ambiental e paisaxística.
- 2.- A de corredor ecolóxico.
- 3.- A de protección costeira.

Tendo en conta o artigos 2, 3 e 4 da normativa do POL, o contido do mesmo vai prevalecer e ter forza vinculante sobre o Plan xeral de ordenación municipal. Neste senso as súas determinacións deben considerarse como unha restrición máis á hora de revisar o PXOM e como un documento o que deberá adaptarse a futura ordenación urbanística de Poio, e que tendo en conta os usos establecidos para cada área de protección nos artigos 45 e seguintes da normativa do POL, as consecuencias do POL sobre a ordenación do territorio de Poio, son moi importantes, deixando fora de ordenación o 30% dos inmobles de Poio, aproximadamente uns 2.500.

Aínda que no Modelo de xestión, quedan fora da aplicación do POL os chans clasificados como urbanos consolidados ou como de núcleo rural, tendo en conta o contido das disposicións transitorias, nas que se establece que o PXOM deber adaptarse ao POL no prazo de tres anos, a consecuencia inmediata é que a medio prazo a determinación que entraran

en vigor son as contidas no Modelo territorial, no cal se definen claramente as distintas áreas de protección quedando na normativa claramente establecido os usos permitidos, os compatibles e os incompatibles.

Como xa se puxo de manifesto nas suxerencias remitidas, os criterios á hora de determinar as distintas áreas e proteccións non son únicos sendo en casos tan dispares que parecen feitas por equipos distintos. A modo de exemplo podemos citar a case inexistencia de área de mellora ambiental e paisaxística en Chancelas que en sitios non chega nin a 50 metros comparado con Samieira ou San Xoán que superan os 600 metros. Da mesma maneira os criterios para definir os corredores ecolóxicos non son os mesmos para tódolos ríos aínda sendo semellantes os ámbitos e os propios regatos.

Esta disparidade de criterios, se non son erros, supoñen unha incerteza á hora de facer interpretacións sobre a adaptación do PXOM ao POL. ALEGACIONES

#### AREA DE MELLORA AMBIENTAL E PAISAXISICA.

Esta área afecta aos núcleos rurais de Portosanto, Saiñas, Anafáns, Mato, Lourido, Casalvito, Pereiro, A Seca, A Freixa, O Estanco, Cidrás, Xuviño, Arén e Tarrío e os núcleos urbanos de A Seara, Combarro, Covelo e Raxó.

As determinacións establecidas para esta área afectan a máis de 2,500 inmobles situados en lugares consolidados con servizos urbanos como son o saneamento, alumeadado público, subministro de auga e acceso rodado. Considerando que tratándose de zonas cunha alta densidade de edificación, esta protección non vai conservar ningún espazo natural nin paisaxístico con característica ecolóxicas sendo de todo imposible acadar a maioría dos principios xerais e obxectivos establecidos neste documento para estas áreas. En todo caso esta protección o que vai e complicar os trámites e as posibilidades para conservar as edificacións que radican nesta área, sendo inaceptable os usos establecidos no artigo 54 que son totalmente incompatibles co desenvolvemento normal que os lugares afectados demandan provocando un estancamento ou un deterioro dos mesmos.

Asemade, é cando menos confuso o contido do artigo 63 da normativa que establece que na mellora medioambiental e paisaxística se poden establecer "**excepcionalmente**" desenvolvementos urbanísticos a partir dos núcleos de poboación, sen que se establezan criterios claros e concisos que determinen esta excepcionalidade.

Entendendo que naqueles núcleos cunha alta densidade de edificacións, a normativa que regula esta área de mellora ambiental e paisaxística non vai ter incidencia no nivel de conservación do litoral, dado que se trata de espazos totalmente urbanizados, consideramos que a área de mellora ambiental e paisaxística non debería afectar aos núcleos rurais ou urbanos dotados de servizos e definidos no PXOM.

#### PROTECCIÓN DE CORREDOR ECOLÓXICO.

Esta protección afecta aos núcleos rurais de Estanco, Casal, Coruxa, O Muiño, Orgodomonte, Fragamoreira, Xuviño, Riódama, Teinogueira, Simorzans, Pedreison, Publicada e Arén así como aos núcleos urbanos de A Seara e Covelo.

Aínda que na documentación gráfica se eliminaron algúns corredores ecolóxicos por non ser máis que presas de auga, en moitos dos regatos existentes no concello, a protección establecida segue sendo moi extensa para o tipo de regato existente. Como no caso anterior, non se ten en conta a realidade existente, afectando a núcleos de poboación moi densos que actualmente carecen das características propias dun entorno dun río establecendo delimitacións excesivamente amplas para regatos que nalgúns casos non son máis que unha presa de auga.

1.- No Muíño e Orgodomonte, o río cruza lonxitudinalmente estes núcleos rurais polo que a protección de corredor ecolóxico afecta á practica totalidade dos mesmos, sen embargo as características deste ámbito corresponden ás de espazos urbanos dotados de servizos e cunha elevada densidade de edificacións. Con estas características parece que o máis razoable é que a protección de corredor se limite á protección establecida pola normativa de Augas de Galiza.

2.- En Fragamoreira a situación é parecida á do Muíño e Orgodomonte, coa singularidade de que o regato que pasa por este núcleo queda completamente seco en verán polo que as proteccións establecidas, que nalgún caso chegan a 500 metros de ancho, son excesivas. Hai que ter en conta que neste punto nos atopamos a máis de 1.800 metros do mar.

Esta protección entra en contradición co cartografía sectorial na cal aparece refletida o parque empresarial de Fragamoreira, proxecto que xa conta cun plan parcial aprobado inicialmente, e coa declaración avaliación ambiental tramitada. En todo caso, considerando que se conta co informe positivo de Augas de Galicia para o Plan Parcial do Polígono de Fragamoreira, as proteccións establecidas deberían suprimirse.

3.- En Samieira os regatos que desembocan na praia do Laño xeran unha protección de corredor ecolóxico que afectan aos núcleos rurais de Seimorzáns, Tarrío, Riodama e Arén. Aínda considerando que os regatos deben ter unha área de protección, as mesmas deben establecerse en función da entidade do regato, das características do seu ámbito de influencia e do nivel de urbanización do mesmo, sendo incongruente protexer algo que está totalmente urbanizado. Neste sendo consideramos que os núcleos rurais antes citados non deberían verse afectados por esta protección polo seu grado de consolidación e urbanización.

#### PROTECCIÓN COSTEIRA.

A protección de costa ocupa amplas zonas do litoral de San Salvador. Estas zonas están formadas por marismas, espazos de recheos ganados ao mar, praias e dunas.

Na praia do Polvorín, onde se sitúa o núcleo urbano, entendemos que a protección de costa acade ata a estrada provincial, sen embargo, é excesivo que esta protección se estenda ao espazo comprendido entre esta estrada e o camiño de Espiñeiro xa que pola características orográficas deste lugar, é imposible que o mar chegara algunha vez a invadilo. Tendo en conta a alta densidade de edificacións existentes nese lugar e que carece das características definidas no artigo 11 non debería protexerse este espazo cunha protección de costeira.

#### NUCLEOS DE ENTIDADE DO LITORAL

Como núcleos de entidade do litoral fixan se os lugares de Raxó, Combarro e Campelo, sen embargo, tendo en conta a proximidade ao mar, a

existencia de infraestruturas portuarias, a vinculación coa actividade mariñeira tendo a consideración de asentamentos tradicionais, tanto Covelo como Lourido deberían definirse como núcleos de entidade do litoral.

Non se reflexan no POL as previsións do Plan Director de Estradas nin tampouco do Plan Move. Dada a súa importancia e incidencia sobre o territorio, o contido destes plans deberían reflexarse como futuras infraestruturas que no seu momento poidan condicionar as proteccións previstas no POL..

Esta comisión acorda que se pase ó Pleno do Concello."

O Sr. Barreiro Lubián di que consideran que a aplicación do POL vai ter unha incidencia sobre os usos do territorio de Poio. Desde o Mato, Campelo, Seara, Comarcal de Raxó, subindo Esperón, collendo Combarro, na estrada da Renda, en Samieira ata Arén..... quedaría en mellora medio ambiental e paisaxística e os usos permitidos serán as vivendas destinadas ao turismo rural.(A continuación o Sr. Barreiro enumerara unha serie de artigos do POL.)

Se collemos, Campelo (Banda do Río) onde están consolidados os núcleos urbanos non se construírán vivendas unifamiliares e solo se permitirán determinados usos que tiñan antes.

Na suxestións que presentamos hai uns meses rectificaron algúns pero aínda manteñen outros e no corredor ecolóxico non se pode construír absolutamente nada.

A Sra. Nieto García di que a cartografía é orientativa de non invadir funcionalidade de ríos pero vos interpretades o que queredes interpretar.

O Sr. Barreiro Lubián di que eses planos son capaces de discorrer o trazo por onde discorre.

Existe protección costeira e o caso máis grave é Lourido, porque desde a estrada para arriba a protección costeira chega a 60 metros.

O que se pide é que redimensionen os corredoiros ecolóxicos e na protección costeira que se elimine a zona que está afectada urbanísticamente.

O Sr. Piñeiro Murillo di que o PP non está a tomar en serio o POL porque se estades de acordo teredes que dicilo claramente.

O Sr. Agís Gómez di que o POL fai que non clasifica o solo pero na práctica si, e isto vai máis alá dos 500 metros.

A Sra. Nieto García (dirixíndose á intervención do Sr. Piñeiro Murillo) di que parece mentira que digas que se trata dun modelo urbanístico, dado que non é de aplicación nos solos consolidados, e nos votamos en contra pola interpretación que realiza o BNG.

O Sr. Domínguez Lino di que aquí se tiveron erros na cartografía do PXOM pois imaxínate a nivel de toda Galicia.

O Sr. Barreiro Lubián di que non é un modelo urbanístico e non ten aplicación xurídica, que é o que se dibuxa nel, de feito o modelo territorial previsto é para que os Concellos adapten os seus Plans a el

O Sr. Alcalde di que seguirán informando aos veciños para que poidan facer alegacións.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión realizada o 28 de setembro de 2010 este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstencións adoptándose o seguinte **acordou:**

**Primeiro:** Remitir o presente acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas xunto coas alegacións presentadas.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIONES.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretario xeral, dou fe.